

DECRETO NÚMERO 19007462 DO 05/09/2019

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 17011450, de 27 de decembro de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en execución de sentenza, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 14/711 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas “bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre” aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017. As ditas bases foron publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 99, do 2 de maio de 2017.

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 034, de 10 de febreiro de 2018.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 73, de 16 de abril de 2018 e anuncio no “Boletín Oficial del Estado” nº 143, de 13 de xuño de 2018.

Polo Decreto número 18009559 do 15/11/2018 se resolveu aprobar a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os (con indicación do motivo de exclusión) do devandito proceso selectivo, o cal foi publicado no BOP de Lugo nº 287 do 17 de decembro de 2018.

Rematado o prazo de enmendas do mencionado proceso selectivo, esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 01/07/2019, modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidas/os e excluídas/os (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto número 17011450, de 27 de decembro de 2017, para o acceso en propiedade a **unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local**, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, en execución de sentenza, que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

| APELIDOS E NOME | DNI |
|-----------------|-----|
|-----------------|-----|

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 1567670312374.doc

Asunto: publicación listaxe definitiva admitidos/excluídos

| | |
|---------------------------------------|-------|
| ABUÍN RATÓN, PABLO | *946F |
| CAAMAÑO ESMORÍS, BEATRIZ PURIFICACIÓN | *593A |
| CASTIÑEIRA MUIÑA, CÉSAR JOSÉ | *709M |
| CRUZ FERNÁNDEZ, BELÉN | *768N |
| ENCABO GONZÁLEZ, PABLO MARÍA | *253H |
| GARCÍA MÉNDEZ, MARÍA ISABEL | *685F |
| GONZÁLEZ NOVOA, MARÍA RITA | *101E |
| IGLESIAS CONESA, LUCÍA | *887Z |
| IGLESIAS VARELA, MARÍA ELIZABETH | *716Y |
| LÓPEZ PÉREZ, ROCÍO | *716E |
| PÉREZ LÓPEZ, ÚRSULA | *169N |
| TORRES POSE, MARÍA | *664Q |

EXCLUÍDOS/AS

| APELIDOS E NOME | DNI | MOTIVO |
|---------------------------------|------------|--|
| GARCÍA DELANTERO, LAURA | *616V | Non achega fotocopia compulsada da titulación esixida. |
| RODRÍGUEZ AMOROSO, ALBERTO JOSÉ | *915E | Copia cotexada da titulación esixida non válida. |

Segundo.- Facer público que, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 17 de xullo de 2019, adoptou, entre outros o acordo 18/442 PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA, segundo o cal dito Tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: D.Juan Antonio López Fernández, profesor no Instituto das Mercedes, na especialidade de Comercio, Markéting e Economía.

Suplente: D. Francisco Rivera Iglesias, Adxunto Servizo Técnico de Inspección de Tributos do Concello de Lugo

Vogais:

Titular: D^a. Pilar López Lázare, Técnica de emprego do Concello de Guitiriz.

Suplente: D.^a Isabel Ozores Sieira, Licenciada en dereito do Concello de Lugo.

Titular: D^a. Ana Isabel Sáez Mancebo, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Suplente: D^a Ana Tabares Martínez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Titular: D. José Real Castro, Xefe de Sección Técnico Licenciado en empresas do Concello de Lugo.

Suplente: D. Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico de Administración Xeral do Concello de Lugo.

Secretaria/o:

Titular: D. Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de celebración das reunións do tribunal cualificador do seguinte xeito:

- Constitución do Tribunal: o luns 7 de outubro de 2019, ás 10 horas, no Edificio de Novas Tecnoloxías, sito na Praza Anxo Fernández Gómez, 4.

- Realización do primeiro exercicio: o martes 8 de outubro de 2019, ás 10 horas, no Centro de Convivencia Uxío Novoneyra, sito na rúa Quiroga Ballesteros S/N.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.